



Concello de Cospeito

BASES DO III CONCURSO DE IMAXES CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO: "Cospeito libre de violencias sexistas":

1. DESCRICIÓN

O concello de Cospeito organiza o **III concurso de imaxes contra a violencia de xénero**. A temática do concurso estará enfocada entorno ao **25 de novembro "Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres"**.

Para participar debes enviarnos a túa proposta a través de debuxos ou fotografías que poden conter frases ou lemas relacionados coa temática a tratar.

Valoraranse aqueles traballos que expoñan situacións sobre sexismo, violencia invisible ou micromachismos, así como outras situacións relacionadas coa violencia de xénero.

O que se pretende é que a poboación amose o que para ela é a violencia de xénero a través das súas ilustracións. Debe terse en conta a calidade, condicións artísticas, o uso da linguaxe non sexista, a creatividade, inxenio e orixinalidade e impacto da mensaxe transmitida pola obra dacordo ao obxecto do concurso.

Os traballos deberán enviarse á seguinte dirección de correo electrónico: igualdadecospeito@gmail.com indicando nome e apelidos (xunto a fotocopia do DNI) do/a autor/a.

Unha vez recibida a imaxe subirase á nosa páxina de Facebook e **a que máis "me gustas" teña na páxina de Facebook do Concello de Cospeito será a gañadora.**

2. PARTICIPANTES:

Poderán participar todas aquelas persoas que o desexen. Para o caso de participantes menores de idade, para recibir o premio, o gañador/a estará acompañado/a polo seu pai, nai ou titor.





Concello de Cospeito

3. FORMA DE PRESENTACIÓN

Para participar deberase enviar a imaxe (debuxo ou fotografía) escaneada coas seguintes características:

- Indicar a autoría orixinal: (nome e apelidos)
- Indicar a data de nacemento e lugar de residencia e un teléfono de contacto.
- Dibuxado en papel ou soporte dixital.
- En caso de debuxo en papel, deberase escanear e enviar o escaneado por correo electrónico.
- Temática: igualdade e/ou violencia de xénero
- O traballo deberá enviarse á seguinte dirección de correo electrónico: igualdadecospeito@gmail.com indicando no mesmo: nome e apelidos do/a participante e datos de contacto, dirección e teléfono (xunto a fotocopia do DNI) do/a autor/a. En caso de ser menor de idade deberase adxuntar a autorización facilitada nas presentes bases.

Os traballos recibidos para participar no concurso serán publicados na páxina de Facebook do Concello de Cospeito xunto co nome da persoa participante e serán así mesmo utilizados nunha exposición física nesta administración local.

4. XURADO

O xurado estará composto polos seguintes integrantes:

- A Traballadora Social do Concello de Cospeito.
- O Alcalde-Presidente do Concello de Cospeito.
- O Concelleiro de Servizos Sociais.
- A Concelleira de Igualdade.

A participación nesta convocatoria implicará a aceptación das normas contidas nas presentes bases, así como a decisión do xurado, que será inapelable.

O xurado poderá declarar deserto o xogo ou algún premio de non reunir os requisitos establecidos nestas bases ou cando non existan participantes.





Concello de Cospeito

5. PREMIOS:

1.- 1º PREMIO: 120,00 € para a imaxe que máis “me gustas” teña na páxina de Facebook do Concello de Cospeito, onde serán colgados os traballos, ás 15:00 horas do día 25 de novembro.

2.- O resto de participantes recibirán un agasallo.

6. PRAZOS:

Establécese para a participación no xogo o seguinte prazo: **dende o día 18 ao 25 de novembro.**

7. ENTREGA DE PREMIOS:

Convocarase aos premiados ao acto de entrega de premios.

O Concello de Cospeito poderá publicar información en medios de comunicación propios e externos acerca deste concurso, incluíndo datos e imaxes de participantes e, especialmente, das persoas gañadoras do concurso. A participación no mesmo conleva a aceptación deste tratamento.

A organización resolverá cantas cuestións puidesen plantexarse e que non foran previstas nas presentes bases.

PARTICIPADE!!!

Para a participación de menores de idade é necesario adxuntar o **anexo I** destas bases que se detalla a continuación xunto co traballo presentado.

O Sr Alcalde-Presidente do Concello de Cospeito

Don Armando Castosa Alvaríño

DOCUMENTO DATADO E ASINADO DIXITALMENTE AO MARXE





Concello de Cospeito

ANEXO I: AUTORIZACIÓN MENORES DE IDADE

D./Dña....., con DNI/NIE/Pasaporte nº....., en calidade de (PAI/NAI/TITOR-A) de

Declaro baixo a miña responsabilidade ostentar potestade suficiente para autorizar a participación do/a menor neste concurso e acepto integramente as bases do mesmo:

_____ DNI (no seu su caso):

_____ DNI (no seu su caso):

_____ DNI (no seu su caso):

Asdo:

